



XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

INFORME SECTORIAL DO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL E DO PROXECTO SECTORIAL DO
PARQUE EÓLICO CAMPO DAS ROSAS
Expediente. IN408A 2017/05

Primeiro.- O Parque eólico Campo das Rosas afecta a terreos dos distritos forestais Deza-Tabeirós XVI (A Estrada) e Caldas-Salnés XIX (Campolameiro).

Segundo.- A enxeñeira técnica forestal responsable da comarca afectada polo parque eólico no Distrito Forestal Deza-Tabeirós informa:

"(...)

Unha vez estudado o "Estudo de Impacto Ambiental", "Proxecto de Execución" e "Proxecto Sectorial" remitido polo Servizo de Montes terase en consideración os seguintes feitos:

1.- O parque eólico "Campo das Rosas" estará formado por 8 aeroxeneradores, modelo Enercon E-138 m de potencia nominal unitaria 3,45 MW ou similar, de 138 m diámetro rotor y 94 m de altura del buje.

- A potencia total instalada será de 27,6 MW.

- A poligonal do parque eólico ocupará aproximadamente 2.213,69 ha. (ver plano 1).

- A ubicación dos aeroxeneradores en territorio xestionado polo Distrito Forestal XVI: Deza-Tabeirós, é a seguinte: (ver plano 2)

- Concello de A Estrada: aeroxeneradores CR-01, CR-02 e CR-03.

- Concello de Cerdedo-Cotobade: aeroxeneradores: CR-04, CR-06, CR-07.

No Concello de Campo Lameiro, xestionado polo Distrito Forestal XIX instalaránse os aeroxeneradores CR-05 e CR-08.

2.- As parcelas afectadas pola instalación dos aeroxeneradores, no Distrito Forestal XVI, así como o centro de seccionamento, liña de evacuación da enerxía e a subestación, conforme ós Plans Xerais de Ordenación Municipal, vixentes, dos Concellos de A Estrada e Cerdedo-Cotobade, son os seguintes:

- Concello de A Estrada:

- Solo rústico de protección de espazos naturais (SRPEN).

- Concello de Cerdedo-Cotobade:

- Solo rústico de protección forestal (SRPF) (90% da superficie)

- Solo rústico de protección de augas (SRPA).

- Solo rústico de protección de infraestruturas (SRPI)

3.- A Ubicación do Parque Eólico Campo das Rosas non se localiza en terreos afectados por concentracións parcelarias en ningún dos dous concellos afectados no Distrito Forestal XVI.

4.- Con respecto as infraestruturas para o acceso a tódalas instalacións do parque, o proxecto presenta unha rede viaria necesaria de 14.255 m, entre arranxo de viais existentes e viais de nova creación:

- Lonxitude viais existentes: 6.596 m.

- Lonxitude de viais de nova creación: 7.659 m.





XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

A mellora dos viais existentes é recomendable para o acceso ó MVMC de Quireza, xa que o estado actual da “pista da Conla” (vial a arranxar) non é o adecuado.

Con respecto ós viais de nova creación estos afectarían na súa maioría a monte raso, ca seguinte excepción: 0,14 ha de monte arbolado de Acacia melanoxylum.

5.- As parcelas onde se instalarían os aeroxeneradores, as suas intalacións complementarias así como os viais de acceso a eles, afectarán os seguintes terrenos:

- Sofor Chorima de Xubrei: aeroxenerador CR-01.*
- Propiedades particulares: CR-02 e CR-03.*
- MVMC de Quireza no Concello de Cerdedo-Cotobade. Non ten convenio ca Administración Forestal. Aeroxeneradores: CR-04, CR-06 e CR-007.*

6.- Os terreos onde se quere instalar o Parque Eólico Campo das Rosas, non ten sido afectado por ningún incendio recentemente.

7.- Con respecto á “Infraestructura de Evacuación”, o proxecto presenta dous tipos de evacuación da enerxía:

- Tramos subterráneos: serán 2 tramos de 59 m e 398 m, de lonxitude repectivamente, que discurrirán por monte raso.*
- Tramo aéreo: un tramo contínuo se 1,363 m de lonxitude que precisará de 8 apoios. A cuberta vexetal, no monte polo que discurriría, está composta por monte raso, Ulex sp., Cytisus sp., e rexeración puntual de Quercus robur.*

De acordo con todo o exposto INFORMO:

da viabilidade da instalación do Parque Eólico Campo das Rosas, así como a súa liña de evacuación por ser compatibles cos aproveitamentos forestais actuais (pastoreo).

É importante ter en conta que a liña de evacuación do Parque Eólico Campo das Rosas vai a discurrir a aproximadamente a uns 90m de distancia do punto de auga de carga de helicópteros e motobombas do Servicio de Prevención de Incendios Forestais, polo que vai a condicionar o uso del polos medios aéreos en caso de incendio.”

Terceiro. O enxeñeiro técnico forestal responsable da comarca afectada polo parque eólico no Distrito Forestal Caldas-Salnés informa:

“(…)

2.-Descrición da actividade e valores forestais.

2.1.-Descrición da actividade, promotor e órgano solicitante.

A actividade da que se solicita informe á Dirección Xeral de Ordenación Forestal reza textualmente así na páxina 4 do Proxecto:

El Proyecto de Ejecución del Parque Eólico incluye el diseño y caracterización técnica de los siguientes equipos e infraestructuras principales:

- Aerogeneradores*
- Infraestructuras de obra civil incluyendo:*
- Caminos de acceso al parque eólico y caminos interiores entre aerogeneradores.*
- Cimentaciones y plataformas de montaje de aerogeneradores*



Xacobeo 2021





XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

- *Canalizaciones de zanja.*
- *Infraestructuras eléctricas de generación en media tensión (30 kV) hasta el centro de seccionamiento del parque eólico seccionamiento del parque eólico incluyendo:*
 - Conductores de media tensión (30 kV)*
 - Conductores de fibra óptica*
 - Conductores de red de tierras*

O órgano solicitante de informe á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal é a Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

O petionario e promotor das instalacións que son obxecto do presente proxecto é a sociedade Naturgy Renovables S.L.U. con CIF. B-84160423 e con domicilio a efectos de notificacións en: Avda. Arteixo 171, 15007 (A Coruña)

2.2.-Localización do proxecto.

O proxecto do Parque eólico das Rosas ten previsto executarse dentro do Plan sectorial eólico de Galicia, cuxa localización para este informe é o Concello de Campo Lameiro.

En informe da Sección de Topografía do Servizo de Montes de Pontevedra, faise relación de superficies e MVMC afectados e, dentro da demarcación do Distrito Forestal XIX-sur: Comunidades de Morillas, Caneda e San Isidro, todas do concello da Campo Lameiro. Non se observan terreos en Convenio coa Xunta de Galicia.

Coordenadas UTM da delimitación do proxecto:

Na memoria do proxecto páxina 11 do proxecto abreviado constan as coordenadas UTM dos 11 vértices deste Parque, previa reseña-estudo de alternativas.

O Parque Eólico das Rosas estará constituído por 8 aerogeneradores de 3,45 MW de potencia unitaria, sendo a potencia total a instalar de 27,6 MW. Os terreos nos que se desenvolven tódalas obras e instalacións do parque eólico están situados no Concello da Lama na provincia de Pontevedra como xa quedou dito.

A superficie xenérica de afección urbanístico-territorial derivada da afección de infraestruturas e servidumes do parque eólico non se especifica no proxecto abreviado.

3.-Posibles afeccións en materia de montes que poidan resultar do desenvolvemento da actividade solicitada.

As teóricas afeccións a superficies forestais dentro da área, obxecto de avaliación ambiental virían dadas fundamentalmente por diversos usos permitidos no solo rústico especial protección forestal dacordo co coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro

do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (previa Declaración de Utilidade Pública da obra fronte a outros usos diferentes e prevalentes dos que a Normativa do solo permita e, no caso dos montes veciñais, declaración de Prevalencia. Na memoria queda explícito o encadre legal deste proxecto, donde de destaca a súa determinación como obra de Interese Supramunicipal.



Xacobeo 2021





XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

Asemade, segundo a Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o cánon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, no seu artigo 45.7 di textualmente:

[...] "7.-Se a instalación afecta a montes veciñais en man común, os trámites previstos no artigo 6 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado por Decreto 260/1992, de 4 de setembro, o norma que a substitúa, entenderanse cumprimentados co procedemento regulado neste artigo. Nestes casos, a declaración de utilidade pública da instalación conlevará o recoñecemento de prevalencia aos efectos establecidos no apartado 1 do artigo 6 da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común."

3.1.-Descricións dos valores forestais e ambientais afectados. Estado legal.

3.1.1.-Estado legal dos terreos incluídos.

Hai afección (xa dito) a 3 montes veciñais en man común deste Distrito XIX-sur (ver informe da Sección de Topografía do Servizo Provincial): Caneda, Morillas e San Isidro do concello de Campo Lameiro con cuestións de relativa relevancia en canto ao asentamento dos aeroxeneradores e execución de viais de acceso para a construción do parque e servizo futuro na fase de explotación.

3.1.2.-Estado natural.

3.1.2.1.-Vexetación potencial.

En termos bioxeográficos a área de estudo pertence á rexión Eurosiberiana, Provincia Cántabro Atlántica, Sector Galaico-Portugués, Subsector Miñense. A área de implantación do proxecto corresponde coa serie de vexetación montana galaico-portuguesa acidófila do carballo o Quercus robur: Vaccinio myrtilli-Querceto roboris sigmetum (8d) e a Serie colina galaico-portuguesa acidófila del roble o Quercus robur: Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum (8c), robledales acidófilos montanos.

Coincide, pois, cunha zona de transición altitudinal.

3.1.2.2.-Vexetación actual.

Na maior parte da superficie do proxecto, correspnde a unha vexetación que non se asemexa aos patróns de vexetación potencial antes citados, pois ésta sufriu sucesivas e seculares transformacións ao longo da historia asociadas ás actividades do home mediante a implantación de terras de labor, mediante a realización de repoboacións de eucalipto e piñeiro ou a deforestación para o establecemento de pastos e mato para o gando.

Neste contexto, a vexetación actual que predomina atende a unha fase de degradación III (matorral degradado-pastizal) con repoboacións de piñeiro do país en Caneda e Morillas, sen vestixios relevantes da fase I (bosque climácico).

3.1.2.3.-Indicación de aptitudes agrolóxicas no entorno afectado polo parque eólico

Os solos dominantes na ubicación do proxecto son do tipo Entisol e Inceptisol. Os Entisols son solos recentes e pouco evolucionados, teñen moi pouca profundidade e xeralmente poseen únicamente un horizonte máis o menos grueso que se apoia sobre a rocha nai. Os Inceptisols





XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

son solos medianamente desenvolvidos sobre materiais silíceos. A disponibilidad de nutrimentos (Clase 4) é baixa e o risco de erosión é de moderado a alto.

En canto aos recursos agronómicos, a superficie da área en estudio está ocupada por solos con aptitude para a silvicultura pola pendente do terreo (Clase VII) e nas zonas de cumio (predominantes na poligonal do Parque) a Clase VI con aptitude para pastizal, excluíndose polo tanto o cultivo agrícola.

4.- Resume de afeccións forestais, valoración de impactos e proposta de informe.

4.1.-Afeccións.

Dacordo coas necesidades de ocupación do solo durante a fase de construción e a fase de explotación das instalacións do parque eólico, establécense as seguintes tipoloxías de afeccións no proxecto (anexo 6):

- Afección de pleno dominio*
- Servidume de paso por viais de acceso*
- Servidume de paso subterráneo por trazado de zanxas de liñas colectoras de enerxía.*
- Servidume de voo.*
- Servidume de protección eólica*
- Ocupación temporal durante a fase de execución.*

Unha estimación das superficies de afección por Comunidades Veciñais é esta:

MVMC	Sup afecc. (ha)	Formac. dominante
<i>Morillas</i>	<i>7.8</i>	<i>Aborado/fustal</i>
<i>Caneda</i>	<i>11.0</i>	<i>Aborado/fustal</i>
<i>San Isidro</i>	<i>16.8</i>	<i>Mató</i>

4.2.-Valoración de impactos.

A metodoloxía seguida para a valoración de impactos no presente estudio, axústanse (salvo mellor criterio) ao establecido na Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental. Inclúense, polo tanto, os pasos considerados na citada Normativa. Neste proxecto, como anexo XIII, adxúntase documento de síntese do EIA presentado no seu día. Analizáronse tres alternativas para a implantación del parque eólico, denominadas 1, 2 e 3. Destas, escolleuse a alternativa con criterio de menor impacto ambiental.

Valoración de impactos

Considéranse neste contexto as seguintes afeccións forestais sobre o medio, tanto na fase de construción como na de explotación:

- Gestión de residuos tanto na fase de obra como na de explotación.*
- Alteración da vexetación pola apertura de accesos.*
- Restauración de superficies afectadas:*
 - Cortas de madeira.*
 - Compactación de superficies chás.*
 - Elementos sobrantes de obra.*
 - Zonas proclives á erosión (ladeiras despoboadas).*
 - Alteración da cuberta edáfica.*





XEFAURA TERRITORIAL PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

-Alteración da rede hidrográfica.

A valoración de impactos previamente identificados e caracterizados se realiza en función da súa importancia en todas e cada unha das accións do proxecto tanto na fase de obra, na fase de explotación e a de desmantelamento para a alternativa elexida que se manexa, arroxa ponderacións de impacto asumibles. De xeito resumida, tanto para a fase de obra, como para a de funcionamento do parque, os impactos considéranse no documento resume do EIA (en xeral):

Na fase de construción:

- 0 impactos positivos.*
- 7 impactos compatibles.*
- 4 impactos moderados.*
- 0 impactos severos.*
- 0 impactos críticos*

Na fase de explotación:

- 1 impacto positivo.*
- 1 impacto compatibles.*
- 2 impactos moderados.*
- 0 impactos severos.*
- 0 impactos críticos.*

Na fase de desmantelamento:

- 0 impacto positivo.*
- 1 impacto compatibles.*
- 1 impacto moderados.*
- 0 impactos severos.*
- 0 impactos críticos.*

Considéranse formalmente válidas as ponderacións de impacto polo que atinxe ás afeccións relativas á vexetación, solos e augas.

Defínense medidas xerais e específicas de protección ambiental para tódalas fases da obra, explotación e abandono do parque formalmente suficientes.

As conclusións ás que chega o estudio, en materia de interese forestal, son en opinión de quen aquí informa correctas e formalmente suficientes. Dada a entidade forestal da ocupación de terras adicadas a arborado, non existe unha afección notable sobre as formacións forestais presentes polo establecemento da infraestrutura que aquí se analiza nin as devanditas formacións forestais teñen unha singularidade especial en termos reais.

A relevancia futura das afeccións tanto na fase de construción como de utilización da infraestrutura que aquí é sometida a avaliación ambiental, poderán ser moduladas e no seu caso atenuadas, sempre que o promotor manteña comunicación directa coa Xunta de Galicia dentro do que determina o Plan de vixilancia ambiental que contine o EIA.

A mención que o artigo 66 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, cúa transcripción é:



Xacobeo 2021





“Artículo 66. Informes sobre os instrumentos de ordenación do territorio e o planeamento urbanístico.

Os instrumentos de ordenación do territorio, as normas subsidiarias e complementarias do planeamento urbanístico, os planes xerais de ordenación municipal, os planes de sectorización e os planes especiais non previstos nos planes xerais, así como a modificación destes instrumentos, cando afectasen a un monte o terreo forestal, requirirán o informe sectorial da Administración forestal. Dito informe terá carácter vinculante cando se tratase de montes catalogados, protectores e terrenos rústicos de especial protección forestal.”

Ao marxe da lexislación sectorial de industria e da de impacto ambiental, o anterior artigo 66 da Lei 7/2012 determina uns determinados usos preferentes de índole forestal para os montes, marcando asemade unha obriga de custodia e, no seu caso, informe de cambio de uso que tamén recolle a Lexislación do Solo de Galicia mediante a consideración dos usos permitidos para estes terreos de protección. Á consideración dunha actuación en materia enerxética como Proxecto de Interese Supramunicipal en solos rústicos, determina que os solos ocupados pola acción constructiva sexan clasificados como Solos Rústicos do Protección de Infraestructuras, vinculando de xeito obrigatorio os Usos previos ao Uso enerxético e as súas determinacións.

Neste orde de cosas, resulta relevante transcribir un párrafo contido no punto 11.5 da Memoria:

[...] “En el Artículo 11.2 Decreto 80/2000, de 23 de marzo, por el que se regulan los planes y proyectos sectoriales de incidencia supramunicipal, se especifica que los municipios en donde se asienten las infraestructuras, dotaciones o instalaciones objeto de un proyecto sectorial deberán adaptar su planeamiento urbanístico al contenido del proyecto sectorial, en el que se establecerán las determinaciones de dicho planeamiento local que deban ser modificadas como consecuencia de la aprobación del proyecto sectorial y en el plazo quedetermine este último y, en todo caso, en la primera modificación o revisión del planeamiento urbanístico.” [...].

4.3.-Proposta de informe.

Polo exposto neste informe queda formalmente cuberto o prescrito na Lei 7/2012 de Montes de Galicia ao marxe doutros posibles informes de Órganos superiores ao Distrito forestal XIX e, no seu caso, das obxeccións vinculantes que con superior criterio técnico poida facer a Consellería de Medio Rural.

Dende este Distrito infórmase favorablemente este proxecto e mais o EIA.”

Cuarto. Normativa forestal de aplicación:

- A Lei 7/2012, de montes de Galicia establece:

Artigo 66. Informes sobre os instrumentos de ordenación do territorio e sobre o planeamento urbanístico Os instrumentos de ordenación do territorio, as normas subsidiarias e complementarias de planeamento urbanístico, os plans xerais de ordenación municipal, os plans de sectorización e os plans especiais non previstos nos plans xerais, así como a modificación destes instrumentos, cando afecten un monte ou terreo forestal, requirirán o informe sectorial da Administración forestal. O dito informe terá carácter vinculante cando se trate de montes catalogados, protectores e terreos rústicos de especial protección forestal.





XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

O informe deberá ser emitido no prazo de tres meses. Transcorrido este, entenderase favorable. No caso de ser desfavorable, o informe deberá conter as razóns técnicas ou xurídicas que o motivasen.

Anexo II da lei especifica as distancias que deberán gardar as repoboacións forestais respecto a camiños e conducións aéreas de electricidade:

e) Con pistas, asfaltadas ou non, de polo menos 5 metros de ancho e que contén con polo menos unha gabia: 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I; no resto de especies, 4 metros en xeral; e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco, contados desde o límite exterior dos movementos de terra da obra de construción dela.

f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica: 5 metros para todas as especies."

- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o seu regulamento aprobado no Decreto 260/1992, de 4 de setembro.

- A Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, no seu artigo 45.7 establece:

[...] "7.-Se a instalación afecta a montes veciñais en man común, os trámites previstos no artigo 6 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado por Decreto 260/1992, de 4 de setembro, o norma que a substitúa, entenderanse cumprimentados co procedemento regulado neste artigo. Nestes casos, a declaración de utilidade pública da instalación conlevará o recoñecemento de prevalencia aos efectos establecidos no apartado 1 do artigo 6 da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común."

- Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal establece:

Artigo 11.2 [...] os municipios onde se asenten as infraestruturas, dotacións o instalacións obxecto dun proxecto sectorial deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido do proxecto sectorial, no que se establecerán as determinacións do dito planeamento local que deban ser modificadas como consecuencia da aprobación do proxecto sectorial e no prazo que determine este último y, en todo caso, en la primeira modificación o revisión del planeamento urbanístico." [...].

- Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Por todo o exposto e, ratificando os datos recollidos nos informes dos técnicos do Distrito Forestais Deza-Tabeirós e Caldas-Salnés do proxecto do Parque Eólico Campo das Rosas
INFORMO:





XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

As superficies de afección do parque ao medio forestal virán determinadas polas áreas ocupadas directamente polo xerador de enerxía eólica e as demais infraestruturas do parque eólico, polas distancias de servidume que operen para cada elemento construtivo e ademais pola superficie necesaria para o cumprimento das distancias de plantación da Lei de montes de Galicia e máis da normativa de prevención de incendios relativa a redes de faixas de xestión de biomasa. Será necesario constituír as faixas de biomasa descritas na Lei 3/2007 ao redor das instalacións que produzan, almacenen ou transporten enerxía eléctrica de xeito aéreo e das edificacións e camiños que se constrúan.

De acordo cos datos do Servizo de Montes e os informes emitidos polo persoal técnico dos Distritos forestais, as obras afectan a montes veciñais en man común, polo que será necesario o informe do Servizo de Montes sobre a compatibilidade e prevelancia de ambas utilidades públicas.

Procedería declarar as superficies afectadas polos aeroxeradores e polos camiños do parque eólico como solo rústico de especial protección de infraestruturas. O Servizo de Montes lembra que, neste tipo de proxectos, dentro das superficies de vocación forestal, convén sempre superpoñer a nova clasificación á de protección forestal de xeito que, en cada caso, prevalezan as condicións de uso máis restritivas dentro das correspondentes ás dúas clasificacións, e que os montes conserven integramente a clasificación que incide na conservación dos seus valores forestais. Ademais, este servizo considera que para estes proxectos o cambio de clasificación debería limitarse ás superficies de afección directa dos aeroxeradores e vías, co obxecto de non perder potencial para a produción forestal nos arredores.

No redor do aeroxerador e das demais estruturas do proxecto deberase cumprir a normativa de prevención de incendios forestais. No parque eólico existirán, ademais, diversas instalacións que conlevan certo risco de ocasionar un incendio forestal, como os propios aeroxeradores ou o transformador. Por estas razóns, e en especial pola afectación a un punto de auga de carga de helicópteros no Distrito Deza-Tabeirós, este servizo estima que o proxecto debería ser informado pola Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Pontevedra,
A xefa do Servizo de Montes de Pontevedra
Amalia Elsa Pazos Pintos
Sinatura dixital

